



2. Atendendo ao documento, conteste (puntuación máxima de 4 puntos):

- Cite as unidades identificadas na figura coas letras B, C, E, F (1 punto).
- Identifique e analice o tipo de documento (1 punto).
- Comente o tipo de litoloxía e cite exemplos de modelado predominantes nas áreas A e E (1 punto).
- Explique os episodios oroxénicos que interviñeron na formación do relevo reflectido nesta figura (1 punto).

a) As unidades identificadas na figura son:

B Depresión Meridiana (ou fosa Carballo-Tui).

C Dorsal Meridiana Galega ou Dorsal Galega.

E Depresións interiores, fosas miocénicas (Monforte, Ourense,...).

F Serras orientais.

b) Estamos diante dun corte/perfil topográfico do relevo galego, con orientación Oeste-Leste, marcando no eixe horizontal a distancia en liña recta ata 250 km. e no eixe vertical a altitude ata 2.000 metros; nel indícanse as principais unidades do relevo, distinguidas por cores. Ademais das altitudes actuais das distintas unidades, reflíctese -en liña de puntos descontinua- o redondeamento da península galega antes da fractura do relevo acontecida durante o Terciario.

c) Na área A, correspondente ao bloque litoral, predomina o granito que da lugar a un modelado característico desta rocha intrusiva, cristalina e ríxida que pode ser alterada física ou quimicamente (por xelifracción ou conxelación da auga en gretas ou diaclasas; os axentes erosivos poden ocasionar tamén tors, caos de bolas, penedos, a presenza de pedras cabaleiras, etc.). Un exemplo ben característico de modelado granítico atopámolo no Monte Pindo.

Na área E, correspondente ás fosas tectónicas orixinadas despois da oroxénese alpina, acumúlanse depósitos sedimentarios de rochas brandas como as arxilas, facilmente erosionables, con formas como as cavorcos, somontes e acumulación de materiais detríticos, outras veces coincidentes con materiais aluviais depositados en fondos de depresións con estratos horizontais, que producen un relevo con escasa pendente.

d) O relevo galego actual é o resultado dunha historia xeolóxica de millóns de anos na que se alternaron fases oroxénicas con outras de calma, nas que predominou a erosión e a sedimentación.

1) Durante a era arcaica ou Precámbrico (4.000-600 millóns de anos) emerxeu do mar unha banda arqueada de noroeste a sueste, formada por lousas e gneis, que comprendía case toda a actual Galicia.

2) Na era primaria ou Paleozoico (600-225 millóns de anos) tivo lugar a oroxénese herciniana. A cordilleira herciniana, formada por materiais como o granito, lousa e cuarcita, mantivo unha

aliñación predominante NO-SE, formando a base do zócolo hespérico que se estende ao Oeste de toda a Península Ibérica.

3) A era secundaria ou Mesozoico (225-68 millóns de anos) foi un período de calma no que predominaron a erosión e a sedimentación, e no que continuou o aplanamento da cordilleira herciniana.

4) Durante a era terciaria (68-1,7 millóns de anos) produciuse a oroxénese alpina. Como resultado desta oroxénese, o zócolo hercínico, formado por materiais paleozoicos ríxidos, experimentou fracturas e fallas.

Así, acomodándose á vella rede de fracturas e a outras novas xurdidas como consecuencia do pregamento alpino, fracturáronse os bloques do Macizo Galaico e xurdiron depresións afundidas á beira de horsts realzados.

5) Durante a era cuaternaria (1,7 millóns de anos ata a actualidade) producíronse o glacialismo e a sedimentación de depósitos aluviais.

En Galicia, o glacialismo quedou restrinxido aos puntos máis elevados das serras orientais e sudorientais, con pequenos circos de cabeceira.

No fondo das depresións, o arrastre fluvial depositou aluviós que as foron colmatando.